


A danza no século XVIII

- Estética.
Innovacións da
posta en escena.
- A reforma de
Noverre.
- Ballet de acción.



Estética. Innovacións da posta en escena:

- A principios do s.XVIII créase un vocabulario da danza coa integración de termos italianos.
- A belle danse francesa (danza clásica ou académica) emancípase da danza culta italiana. Os seus principios serán:
 - en dehors: base da técnica da danza clásica que consiste en levar “cara fóra” as extremidades inferiores.
 - verticalidade.
 - o seu estilo segue as normas do clasicismo (orden, equilibrio, simetría,...).



- O espectáculo profesionalízase e desenvólvese o virtuosismo grazas á Escola de Danza de París, creada por Lois XIV en 1713.
- Neste centro ensinábase a escola francesa, baseada nos principios de harmonía.
- O virtuosismo nunca debía levar á acrobacia.
- No avance do século non houbo renovación, caeuse na rutina buscando o virtuosismo (esta será unha das denuncias que fará Noverre).



- A danza profesional feminina comeza a rivalizar coa danza masculina. A finais do s.XVIII reinará un equilibrio entre os intérpretes de ambos sexos.
- Moitos bailaríns movéronse por Europa polo que a belle danse será adaptada os sistemas propios de cada país.
- Isto fai que se difunda o vocabulario francés da danza por toda Europa.



- Créanse diferentes escolas nacionais en Rusia, Dinamarca ou Suecia.




Moscú, Rusia



Dinamarca

A reforma de Noverre:

- Jean Georges Noverre foi un bailarín, coreógrafo, mestre de ballet e teórico francés, moi influído polas ideas dos seus contemporáneos ilustrados, Voltaire e Diderot.
- En 1760 Noverre publica o libro Lettres sur a danse no que recolle as súas concepcións sobre o ballet, as súas ferozes críticas sobre costumes do seu tempo e proposicións de reforma.



Proposicións de reforma de Noverre:

- Apoia un ballet que poña en escena unha acción dramática onde os bailaríns expresen os seus sentimentos.
- Defende a capacidade da danza de ser un vehículo de narración.
- O corpo de baile debe deixar de ser impersoal e simétrico para intervir tamén na acción.



- Amplía a función do coreógrafo.
- Defende o regreso a naturalidade fronte ao virtuosismo (sin renunciar á técnica).
- A perfección na execución debe estar o servizo da liberdade de expresión dramática.
- Reintroduce a dimensión expresiva que fai posible o abandono das máscaras.
- Contribuíu á difusión da idea de ballet como arte independente.



- Inspirándose na antigüidade e na mímica, rehabilita a pantomima encarada de facer avanzar a acción dos seus ballets.
- Introduce un dos motores esenciais da evolución da danza teatral: cada vez que a danza tende cara o virtuosismo e se perden os valores naturais e humanos, unha reacción interna leva a buscar a emoción, a expresividade.



Ballet de Acción:

- O ballet de acción ou ballet pantomima é un espectáculo coreográfico narrativo (é unha forma de expresión unicamente xestual).
- Os diferentes momentos do ballet estarán constituídos por escenas danzadas e mimadas executados polos bailaríns, que se converten bailaríns actores.
- O xénero aparece a principios do s.XVIII en diversas escenas europeas, nos intermedios ou divertimentos danzados durante as obras teatrais líricas.



- Depois de triunfar nos teatros da Feira e na Opéra comique de París, o ballet pantomima estendeuse por toda Europa.
- Estes son dirixidos por Gasparo Angiolini e Noverre. Este último foi o que lle deu o nome de ballet de acción.
- Os seus discípulos ensinaron esta nova forma de ballet máis próximo ás preocupacións cotiás.
- Este xénero perdurou ata o século XX, en especial a través do ballet romántico.

